



TOMA DE DECISIÓN

Blog El Orienta IES LUÍS SEOANE

Orientaline



EDUCACIÓN SECUNDARIA POSTOBRIGATORIA

O bacharelato é unha das ensinanzas que conforman a educación secundaria postobrigatoria, xunto coa formación profesional de grao medio, as ensinanzas artísticas profesionais, tanto de música e de danza como de artes plásticas e deseño de grao medio, e as ensinanzas deportivas de grao medio.

CICLOS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL



PROBAS DE ACCESO A CICLOS DE FP:

- **CM:** Persoas que non cumpran os requisitos académicos esixidos para acceder a un Ciclo Medio (non posúan o título de Graduado en ESO nin o de Ciclo Básico) e teñan dezasete anos ou os fagan no ano natural de realización da proba.

<https://www.edu.xunta.gal/fp/acceso-grao-medio>

- **CS:** Persoas que non cumpran os requisitos académicos esixidos para acceder a un Ciclo Superior (non posúan o título de Bacharel nin o de Ciclo Medio) e teñan dezanove anos ou os fagan no ano natural de realización da proba.

<https://www.edu.xunta.gal/fp/acceso-grao-superior>

FAMILIAS PROFESIONAIS DA FP: Folletos informativos



Actividades físicas e deportivas



Administración e xestión



Agraria



Artes gráficas



Comercio e marketing



Edificación e obra civil



Electricidade e electrónica



Fabricación mecánica



Hostalaría e turismo



Imaxe e son



Imaxe persoal



Industrias alimentarias



Informática e comunicación



Instalación e mantemento



Madeira, moble e cortiza



Marítimo - pesqueira



Química



Sanidade



Servizos socioculturais e á comunidade



Téxtil, confección e pel



Transporte e mantemento de vehículos



Vidro e cerámica

ADMISIÓN CICLOS MEDIOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

Admisión a ciclos formativos de grao medio. Curso 2023/2024

Réxime ordinario

As prazas ofrecidas para cada centro e ciclo distribúense en tres cotas: cota xeral, cota para persoas con discapacidade legalmente recoñecida (10%) e cota para deportistas de alto nivel ou de alto rendemento (5%).

Para cada cota haberá tres grupos segundo o tipo de requisitos de acceso:

Grupo A, persoas que posúen título da ESO ou titulacións equivalentes para efectos de acceso a ciclos.

Grupo B, persoas que teñen título profesional básico ou os módulos obrigatorios dos PCPI do curso 2011-2012 ou seguintes.

Grupo C, persoas que teñen certificación de superación das probas de acceso a ciclos ou outras vías de acceso a ciclos de grao medio.

A distribución, ao comezo do proceso de admisión, das prazas dispoñibles para cada ciclo e para cada centro é:

GRUPO A	GRUPO B	GRUPO C
ESO ou equivalentes	FPB e PCPI	Probas de acceso e outros
Ata o 70%	Ata o 20%	Ata o 10%

Crterios de selección cando a demanda de prazas supera a oferta

Dentro de cada grupo establécese a relación ordenada de requisitos de acceso de maior a menor prioridade. Dentro de cada apartado, as solicitudes ordenaranse de maior a menor nota de acceso

Grupo A.

1. Alumnado con título de graduado en educación secundaria obrigatoria con superación da avaliación final de educación secundaria obrigatoria pola opción de ensinanzas aplicadas (*non aplicable para este curso, segundo o disposto no Real Decreto 562/2017, do 2 de xuño*).
2. Alumnado con título de graduado en educación secundaria obrigatoria obtido con anterioridade á implantación da avaliación final da educación secundaria obrigatoria.
3. Outras titulacións equivalentes para os efectos de acceso neste grupo:
 - a. Alumnado con título de técnico auxiliar.
 - b. Alumnado cun máximo de dúas materias pendentes no conxunto dos dous primeiros cursos de BUP.
 - c. Alumnado con título de bacharelato superior.
 - d. Alumnado que superou, das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos, o terceiro curso do plan de 1963 ou o segundo de comúns experimental.

Grupo B.

1. Alumnado con título de formación profesional básica que recolla no seu currículo ter preferencia na admisión ao ciclo formativo de grao medio que se solicita. Preferencias de acceso a grao medio desde FPB (http://fp/webfm_send/10242).
2. Alumnado con título de formación profesional básica que non recolla no seu currículo ter preferencia na admisión ao ciclo formativo de grao medio que se solicita.
3. Alumnado que superara os módulos obrigatorios dun programa de cualificación profesional inicial.

ADMISIÓN CICLOS MEDIOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

Admisión a FP dual

Que é a FP dual?

É unha modalidade de formación profesional que ten como finalidade a cualificación profesional das persoas nun réxime de alternancia de actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa nun centro educativo.

- **Mais información** (</fp/formacion-profesional-dual-en-galicia>)

Requisitos das persoas solicitantes

- **Ter 18 anos ou facelos no ano natural** en que comece o ciclo formativo.
Nota: Nos ciclos con prazas dispoñibles poderase matricular alumnado maior de dezaseis anos, sempre que a empresa que participa na súa selección asine un documento no que manifieste que é coñecedora da idade do alumno ou da alumna.
- Cumprir os requisitos de acceso aos ciclos formativos establecidos no artigo 41 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e que se detallan no modelo de solicitude, no anexo I. **Lémbrese que non é de aplicación o límite superior de idade que figura no anexo.**
- Non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado, agás que fose cursando outro ciclo formativo.
- Para o caso de persoas solicitantes de proxectos que vinculan ao alumnado coas empresas mediante contrato de formación en alternancia:
 - Carecer da cualificación profesional obtida e recoñecida polo sistema de formación para o emprego ou do sistema educativo, requirida para concertar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou a ocupación obxecto do proxecto.
 - Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe, e cumprir os requisitos establecidos na normativa laboral vixente para poder efectualo.

Documentación

A solicitude de admisión obtida a través do **asistente web** (<https://www.edu.xunta.es/ciclosadmission/>) deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- A solicitude de admisión, anexo I, código de procedemento ED513A. Lémbrese que non é de aplicación o límite superior de idade que figura no anexo.
- Copia do pasaporte ou do documento de identificación da Unión Europea, cando non se dispoña de DNI ou NIE.
- No caso de non ter realizados os estudos ou as probas de acceso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, certificación académica en que conste o expediente académico e o depósito do título, de ser o caso, ou o certificado da superación da proba de acceso ao ciclo formativo ou da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Currículo co formato Europass, que se poderá elaborar no enderezo:
<https://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae>
(<https://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae>)

Etiquetas: [FP Dual \(/fp/taxonomy/term/214\)](/fp/taxonomy/term/214)

Tema: [Ven a FP \(/fp/category/seccions-de-fp/ven-fp\)](/fp/category/seccions-de-fp/ven-fp)

BECAS MEC para estudiar




GOBIERNO
DE ESPAÑA

Becas y Ayudas al Estudio

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE

O MEU ITINERARIO



O MEU ITINERARIO



Que obtenho?



Que obtenho?



Que obtenho?



Que obtenho?

SAÍDA: